



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE I+D+i.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2017

COMPARECEN

conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en adiante a Consellería), nomeado mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 17 do 13 de novembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), en representación desta, segundo consta no nomeamento conforme Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 47/2014 de 24 de abril, DOG nº 79 de 25 de abril, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (en adiante SUG) son entidades de dereito público que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configura como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

Un feito relevante é que en Galicia a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e

eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura orgánica da consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do sistema de innovación. Tal xestión concrétese na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

TERCEIRO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica.

Compre polo tanto afrontar un conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

CUARTO.- Que H2020 é a estratexia de especialización da Unión Europea para facer fronte á crise e acadar unha economía intelixente, sustentable e integradora que goce de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social. Nesta estratexia destácase o papel fundamental da investigación e da innovación na preparación da

Unión Europea ante os desafíos futuros e sinala cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía.

A estratexia Europa 2020 considera que o apoio á investigación e á innovación terá que desenvolverse ao redor da excelencia científica, as industrias competitivas e unha mellor sociedade, centrando o investimento nos principais problemas comúns de todos oseuropeos, como o cambio climático e a competitividade da enerxía renovable ou os desafíos dunha poboación cada vez máis envellecida.

Non se debe esquecer que, no marco estratéxico común 2014-2020, a Comisión Europea considera a innovación como un dos obxectivos temáticos aos que se destinarán os fondos comunitarios nese período. O investimento público orientarase ao que se denomina “concentración temática”, cunha política aplicada a prioridades moi concretas que favorezan o crecemento, a adecuación dos fondos ás propostas das rexións onde se apliquen, seguindo unha estratexia de gasto baseada nas súas propias necesidades e retos do seu desenvolvemento.

QUINTO.- Estímase que as actuacións previstas no presente convenio son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co seu Eixo E1 (“Empregabilidade e crecemento intelixente”), Prioridade de actuación PA01 (“Impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas ao I+D+i”), no obxectivo estratéxico OE02 (“Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega”).

SEXTO.- Que, a partir da situación actual, a Consellería e a UVIGO consideran necesario impulsar a ordenación, estruturación e potenciación da INVESTIGACIÓN.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería e a UVIGO para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i co fin de estruturar e potenciar a actividade investigadora da propia UVIGO.

SEGUNDA.- Actuacións

1.1.- Equipamento do Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial - MTI da UVIGO.

O Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial - MTI forma parte dos denominados Centros de Apoio á Investigación (CAI) da Universidade de Vigo: conxunto de edificios que busca a xeración de estruturas de investigación máis eficaces que garantan que o labor investigador sexa consecuente coas necesidades da sociedade. Neste sentido o Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial é unha infraestrutura creada para dar soporte e fomento a labores de investigación, desenvolvemento e transferencia no campo das Tecnoloxías e Procesos Industriais.

Na actualidade o edificio atópase á espera da primeira ocupación por parte daqueles grupos de investigación da Universidade de Vigo que resultaron beneficiarios nunha convocatoria aberta de utilización de espazos. No ámbito de aplicación da actuación, é dicir, a planta de Talleres de investigación, non existe ningún tipo de instalación básica necesaria para o correcto funcionamento dos equipos e dispositivos que van a trasladar os ditos grupos; nin equipamento de ningún outro tipo necesario para dar acomodo aos mencionados equipos e garantir o adecuado posto de traballo das persoas que os manipularán, o cal fai imposible o traslado dos mesmos.

Preténdese por tanto coa actuación solicitada dotar de instalacións básicas e equipamento á planta de Talleres de investigación do Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial - MTI da Universidade de Vigo.

Segundo a memoria de necesidades para o Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial - MTI da UVIGO (asinada o 17/10/2016 polo xerente da universidade e polo director técnico de obras, instalacións e infraestruturas), as actuación previstas consisten en: Talleres exteriores de investigación, Rede de distribución de gases a presión, Sistema de aspiración de gases, Sistema de refrixeración, Infraestruturas de instalacións e Equipamento de laboratorio.

O orzamento da actuación ascenderá a 595.860 euros, coa seguinte desagregación por conceptos:



INVESTIMENTO EN ACONDICIONAMIENTO E EQUIPAMENTO MTI						
CONCEPTO	2017		2018		Total sen IVE	Total con IVE
	Importe (sen IVE)	Importe (con IVE)	Importe (sen IVE)	Importe (con IVE)		
Rede de distribución de gases a presión	36.086 €	43.664 €				
Sistema de aspiración de gases de combustión e extracción de gases	72.619 €	87.869 €				
Infraestrutura de instalacións	216.196 €	261.598 €				
Equipamento de laboratorio			150.000 €	181.500 €		
Sistema de refrixeración de equipos científicos			17.544 €	21.229 €		
TOTAL	324.901 €	393.131 €	167.544 €	202.729 €	492.445 €	595.860 €

1.2.- Cofinanciamento de equipamento e infraestruturas científico técnicas

A Uvigo presentouse á convocatoria 2015 de axudas a infraestruturas e equipamento científico técnico do subprograma estatal de infraestruturas científicas e técnicas e equipamento do (Plan estatal I+D+i 2013-2016).

Como resultado da proposta presentada pola institución, catro infraestruturas recibiron cofinanciamento na resolución da convocatoria de 30 de decembro de 2015 (BOE de 16 de xaneiro de 2016), por un importe de 843.111,50 €.

A finalidade desta acción é o cofinanciamento dos catro proxectos obtidos na convocatoria pola Universidade de Vigo.

O orzamento da actuación ascenderá a douscentos dez mil setecentos setenta e oito euros (210.778 €), coa seguinte desagregación:

COFINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA MINECO 2015						
PROXECTO	2017		2018		Total MINECO	Total cofinanciamento
	Financiamento MINECO (80%)	Cofinanciamento (20%)	Financiamento MINECO (80%)	Cofinanciamento (20%)		
1.2.1. Metodoloxías de Secuenciación de Nova Xeración (NGS) e PCR Dixital (CACTI)	80.012 €	20.003 €				
1.2.2. Espectrómetro de masas híbrido Q-TOF (CACTI)	353.841 €	88.460 €				



1.2.3. Infraestrutura para reforzar os servizos de acceso a ecosistemas mariños (ECIMAT)			319.195 €	79.799 €		
1.2.4. Servizo de invernadoiro para a investigación en valorización de residuos como substratos de cultivo, absorción de contaminantes e de estudo de metabolitos de praguicidas de nova xeración (Campus de Ourense)			90.064 €	22.516 €		
TOTAL	433.853 €	108.463 €	409.259 €	102.315 €	843.112 €	210.778 €

1.3.- Implantación de liñas de I+D+i no ámbito Aeronáutico e Aeroespacial

A aparición da titulación de grao en enxeñaría aeroespacial e aeronáutica abre a posibilidade dun entorno apropiado e necesario para desenvolver novas liñas de I+D+i en Galicia, fundamentalmente por dous motivos:

En primeiro lugar, pola traxectoria previa e as sinerxías con grupos de investigación existentes, vinculados aos departamentos de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos, de Deseño na Enxeñaría e de Enxeñaría dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construción, ademais de a grupos de investigación no ámbito das Ciencias.

En segundo lugar, polo posicionamento estratéxico que o goberno galego e o sector empresarial do metal queren dar á industria aeronáutica en Galicia, materializado, entre outros, no Consorcio Aeronáutico Galego, no proxecto coa Zona Franca de Vigo en Nigrán e no proxecto das Rozas en Lugo.

Cunha dotación adecuada de fondos é posible construír unha infraestrutura singular para a investigación punteira na tecnoloxía aeroespacial en materiais e aeronaves, que inclúen satélites artificiais e vehículos non-tripulados. A posibilidade de incorporar ao alumnado nas prácticas, os traballos de fin de grao, posibles futuros traballos de fin de mestrado, e tamén as teses de doutoramento, complementa o potencial de partida para captar investigadores e proxectos internacionais.

As principais liñas de investigación a desenvolver serían, entre outras, as seguintes:

- Procura de aplicacións para vehículos non-tripulados, entre elas, inspección desde o aire, operacións de mantemento, prevención de riscos.
- Desenvolvemento de compoñentes de software estándares, incluído o desenvolvemento de estándares para interfaces software e hardware que permiten unha innovación independente de compoñentes.



- Experimentación e avaliación de diferentes tipos de propulsión: eléctrica, magnética, de reacción, de plasma, con gas frío ou quente, sistemas híbridos.
- Uso de axentes externos, aire, auga, campos electromagnéticos, campos gravitacionais, fluxos de partículas, para desenvolver novas formas de propulsión de vehículos.
- Estudio de prototipos e mediante simulación de posicionamento de motores segundo forma e distribución de masas do vehículo, estudio de maniobrabilidade segundo velocidade e condicións ambientais.
- Aumento da eficacia e as prestacións dos motores, redución de ruído e de vibracións.

O orzamento da actuación ascenderá a dous millóns cento catorce mil euros (2.114.000 €), coa seguinte desagregación:

O investimento para desenvolver estas liñas de investigación seguiría o seguinte reparto para cada exercicio:

Investimento por áreas de coñecemento	Descrición	Subtotal 2017	2017	Subtotal 2018	2018	Total
Informática	Ordenadores	30.000 €	30.000 €	5.375 €	45.000 €	75.000 €
	Equipamento e material de laboratorio			39.625 €		
Física	Equipamento e material de laboratorio		33.000 €		30.000 €	63.000 €
Química	Equipamento e material de laboratorio		10.500 €		150.500 €	161.000 €
Enxeñaría de materiais	Equipamento e material de laboratorio	40.000 €	40.000 €	362.900 €	378.000 €	418.000 €
	Mobiliario de laboratorio			15.100 €		
Electrotecnia	Equipamento e material de laboratorio	4.900 €	20.000 €	33.000 €	33.000 €	53.000 €
	Mobiliario de laboratorio	15.100 €				
Electrónica e automática	Equipamento e material de laboratorio	9.200 €	10.000 €	15.050 €	20.000 €	30.000 €
	Licenzas software	800 €		4.950 €		
Resistencia materiais / estruturas	Maquina ensaios electromecánica	48.250 €	48.250 €	141.650 €	231.750 €	280.000 €
	Mobiliario de laboratorio			90.100 €		
Aerodinámica	Equipamento e material de laboratorio	15.000 €	15.000 €	19.900 €	185.000 €	200.000 €
	Mobiliario de laboratorio			15.100 €		
	Túnel aerodinámico			150.000 €		
Propulsión e motores	Equipamento e material de laboratorio	17.500 €	35.000 €	42.500 €	245.000 €	280.000 €
	Mobiliario de taller	7.500 €		12.500 €		



Investimento por áreas de coñecemento	Descrición	Subtotal 2017	2017	Subtotal 2018	2018	Total
	Insonorización e seguridade	10.000 €		30.000 €		
	Turbinas, motores e accesorios			160.000 €		
Espacial	Equipamento e material de laboratorio	18.000 €	20.000 €	4.900 €	158.000 €	178.000 €
	Mobiliario de laboratorio	2.000 €		13.100 €		
	Cubetas e accesorios			129.200 €		
	Ordenadores			10.800 €		
Fabricación	Equipamento e material de laboratorio	60.900 €	76.000 €	300.000 €	300.000 €	376.000 €
	Mobiliario de laboratorio	15.100 €				
Total			337.750 €		1.776.250 €	2.114.000 €

1.4.- Plan de mellora do Centro de Investigacións Agroalimentarias CIA3 do Campus de Ourense

O Centro de Investigacións Agroalimentarias, o CIA3 (<http://www.CIA.es>), foi creado no ano 2007 coa visión de "axudar a desenvolver unha cadea alimentaria sostible e un entorno natural saudable". Dende o ano 2009 ata o 2015 o CIA3 foi financiado como "Agrupación estratéxica" pola Xunta de Galicia levando a cabo a súa misión no desenvolvemento de novos produtos así como na procura da garantía de calidade dos alimentos, protexendo a poboación de riscos alimentarios e da degradación do entorno produtivo. As súas actividades teñen o seu foco na cadea alimentaria desde unha perspectiva global "from farm to fork".

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia convocou para o exercicio 2016, mediante a ORDE do DOGA do 11 de agosto de 2016, as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O obxectivo deste Plan de Mellora é o de introducir modificacións nos modelos de gobernanza e de xestión do Centro de Investigacións Agroalimentarias-CIA3, así como realizar actuacións de financiamento estrutural no equipamento e na retención e captación de talento, co fin de poder acadar con éxito a nota de corte necesaria para a súa financiación como Agrupación Estratéxica Consolidada/Centro Singular de Investigación na seguinte convocatoria, que se estima terá lugar a finais do ano 2018.

O financiamento para esta finalidade estímase en trescentos mil euros (300.000 €).



A continuación se describe o orzamento detallado por anos para levar a cabo as principais actividades estratéxicas da agrupación:

Descrición	2017	2018	Total
Deseño e tradución o inglés da páxina web	2.000 €	10.000 €	12.000 €
Consultora especialista para Plan Estratéxico	9.000 €	17.500 €	26.500 €
Conformación Panel Expertos Internacional	6.100 €	17.500 €	23.600 €
Auditoría	1.200 €	1.200 €	2.400 €
Outros gastos	14.755 €	39.913 €	54.668 €
Contrato Técnico de xestión en I+d+i	4.500 €	9.000 €	13.500 €
Contratos investigación apoio a liñas estratéxicas	40.545 €	126.787 €	167.332 €
Total	78.100 €	221.900 €	300.000 €

1.5.- Apoio á especialización dos campus e da investigación

O desenvolvemento do sistema universitario galego (SUG) ao longo dos últimos 25 anos, permitiu a consolidación de tres universidades e de campus nas sete cidades galegas. A optimización de todas estas capacidades e a súa complementariedade son obxectivos básicos para a eficacia e a eficiencia do SUG.

No que toca ás actividades de I+D+i, parece imprescindible procurar a especialización, tanto nas universidades coma nos Campus. Unha especialización que concentra recursos nun campo de actuación, ao mesmo tempo que se visibilizan nun lugar específico do SUG.

Durante os últimos anos, a Universidade de Vigo ten avanzado significativamente neste proceso. Por unha banda, desenvolvendo o Campus do Mar, recoñecido como Campus de Excelencia Internacional. Pola outra, especializando os seus tres campus tendo en conta as capacidades e as potencialidades propias e do seu territorio, co Campus da Auga en Ourense, o Campus Crea en Pontevedra e o Vigo Tecnolóxico.

O sentido estratéxico destes tres proxectos de especialización dos campus e a súa natureza implica accións que terán resultados relevantes no longo prazo na de I+D+i, mesmo se xa presentan resultados no curto prazo. Isto aconsella o desenvolvemento de accións que reafirmen os proxectos e a súa estratexia de longo prazo. O convenio, neste sentido, achega fondos para a reafirmación estratéxica dos tres campus.

O financiamento para esta finalidade estímase en **360.000 €**, 180.000 € na anualidade de 2017 e 180.000 € na anualidade de 2018, correspondendo 60.000 € para cada un dos tres proxectos de especialización dos campus en cada un dos exercicios 2017 e 2018, de acordo coas táboas que se acompañan.



CAMPUS DA AUGA				
	Concepto	2017	2018	Total
Accións divulgativas				
	Mantemento anual páxina web campus da auga	1.000 €	2.400 €	3.400 €
	Publicación divulgativa	5.500 €		5.500 €
	Conferencias divulgativas	2.000 €	6.000 €	8.000 €
Segundo plan de acción:				0 €
	Consultoría	10.000 €	10.000 €	20.000 €
	Reunións con grupos de interese	1.000 €	2.000 €	3.000 €
	Apoio económico programa IPICA	10.000 €		10.000 €
	II Symposium de Termalismo e Calidade de Vida, Ourense, 20-21 de setembro de 2017	5.000 €		5.000 €
	Outros congresos e Symposium		6.600 €	6.600 €
	Programa de conferencias, seminarios e workshops no programa de doutoramento do campus da auga "Auga, sustentabilidade e desenvolvemento"	6.000 €		6.000 €
	Asistencia a Congresos e eventos científicos especializados en materia de auga, desenvolvemento sostible:	4.000 €	4.000 €	8.000 €
	Misións institucionais internacionais	2.000 €	8.000 €	10.000 €
Alta en Asociacións ou Agrupacións relacionadas coa auga:				
	1. Alta da Universidade de Vigo- Campus da Auga como socio na Plataforma Tecnológica Española del Agua	500 €	500 €	1.000 €
	2. Alta da Universidade de Vigo-Campus da Auga como socio na International Water Association	500 €	500 €	1.000 €
Outros				
	Proceso de certificación campus especializado	1.500 €		1.500 €
	Networking Campus da Auga-Empresa		3.000 €	3.000 €
	Programa de actividades culturais relativas ao campus da auga	6.000 €	12.000 €	18.000 €
	Programa de actividades deportivas	5.000 €	5.000 €	10.000 €
	Total	60.000 €	60.000 €	120.000 €



VIGO TECNOLÓXICO			
Concepto	2017	2018	Total
Elaboración de informe diagnóstico sobre o eixo aeroespacial	10.000 €		10.000 €
Elaboración de informe diagnóstico sobre o eixo industria/enerxía	10.000 €		10.000 €
Elaboración de informe diagnóstico sobre o eixo de telecomunicación	10.000 €		10.000 €
Elaboración de informe diagnóstico sobre o eixo da biotecnoloxía	10.000 €		10.000 €
Contratación temporal de xestor de investigación/innovación (4 meses)	12.000 €	24.000 €	36.000 €
Contratación temporal de administrativo base (4 meses)	8.000 €	16.000 €	24.000 €
Xornadas de traballo dos catro eixos do Vigo Tecnolóxico. Detección de sinerxías		3.000 €	3.000 €
Definición dun plan estratéxico do Vigo Tecnolóxico		17.000 €	17.000 €
Total	60.000,00 €	60.000,00 €	120.000 €

CAMPUS CREA			
Concepto	2017	2018	Total
Docencia			
Cursos de verán		7.500 €	7.500 €
Programa de doutoramento	10.000 €		10.000 €
Investigación			0 €
Informe de agrupacións estratéxicas	15.000 €		15.000 €
Foro da creatividade e premios	5.000 €	15.000 €	20.000 €
Rede entre grupos de investigación		3.000 €	3.000 €
FatLAB do Crea S2i		15.000 €	15.000 €
Revista de investigación		5.000 €	5.000 €
Transferencia e emprendemento			
Encontros bilaterais	4.000 €	4.000 €	8.000 €
Xornadas saídas profesionais		2.000 €	2.000 €
Seminarios INCUVI	2.500 €	2.500 €	5.000 €
Monólogos científicos	4.000 €		4.000 €
Xornadas portas abertas		5.000 €	5.000 €
Outras iniciativas transeversais			



	Base de datos audiovisual	8.000 €		8.000 €
	Creación asociación antigos alumnos	3.500 €	1.000 €	4.500 €
	Organización semana europea de mobilidade	5.000 €		5.000 €
	Plataforma Talento Crea S2I	3.000 €		3.000 €
	Total	60.000 €	60.000 €	120.000 €

1.6.- Xornadas de portas abertas dos centros singulares de investigación.

Os centros singulares de investigación (ECIMAT, CINBIO e ATLANTTIC) desenvolven actividades de I+D+i de elevada complexidade técnica e relevante utilidade social. A posibilidade de realizar difusión da actividade que realizan estes centros por medio de xornadas de portas abertas permitiría o coñecemento social das súas funcións e poñer en valor o investimento en I+D+i como necesidade para un cambio na estrutura económica e social de Galicia.

De acordo con esta intención, os centros singulares de investigación da Uvigo realizarán xornadas de portas abertas, dirixidas a dous colectivos específicos que poden orientar os seus futuros profesionais cara a investigación:

- Estudiantes de Formación Profesional e carreiras dos ámbitos de coñecementos dos centros.
- Escolares e visitas guiadas a colexios.

O financiamento para esta finalidade estímase en **30.000 €**, correspondendo 10.000 € a cada un dos tres centros singulares de investigación no exercicio 2017, de acordo coa seguinte distribución de accións para cada un deles.

Acción	Concepto	Importe por Centro 2017
Obradoiros divulgativos e visitas aos Centros	Persoal e coordinación	2.700 €
Obradoiros divulgativos	Material funxible	1.000 €
Visitas aos Centros	Material funxible	500 €
Visitas aos Centros	Autobuses grupos	3.800 €
Publicacións	Deseño e impresión folletos	2.000 €
Total		10.000 €



TERCEIRA.- Financiamento

A dotación da CONSELLERÍA para este convenio é dun millón cento vinte e sete mil catrocentos corenta e catro euros (1.127.444 €), na anualidade 2017 e de dous millóns catrocentos oitenta e tres mil cento noventa e catro euros (2.483.194 €) na anualidade 2018, o que fai un total de tres millóns seiscentos dez mil seiscentos trinta e oito euros (3.610.638 €), con cargo ao Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), de acordo coas seguintes aplicacións orzamentarias: 10.40.561B.744.0 código de proxecto (2016 00129) 3.190.638 € e (2014 00762) 420.000 para o Campus Auga. O reparto deste importe por anualidades é como se indica na seguinte táboa:

2017	2018
1.127.444 €	2.483.194 €

O resumo da asignación total de recursos para as accións descritas é o seguinte:

TÁBOA RESUMO DO CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE I+D+i			
ACCIÓNS	2017	2018	TOTAL
Equipamento do Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial - MTI da UVIGO	393.131 €	202.729 €	595.860 €
Cofinanciamento de equipamento e infraestruturas científico técnicas	108.463 €	102.315 €	210.778 €
Implantación de liñas de I+D+i no ámbito Aeronáutico e Aeroespacial	337.750 €	1.776.250 €	2.114.000 €
Plan de mellora do Centro de Investigacións Agroalimentarias CIA3 do Campus de Ourense	78.100 €	221.900 €	300.000 €
Apoio á especialización dos campus e da investigación	180.000 €	180.000 €	360.000 €
Xornadas de portas abertas dos centros singulares de investigación	30.000 €		30.000 €
TOTAL POR ANUALIDADES	1.127.444 €	2.483.194 €	3.610.638 €

Esta cantidade de 3.610.638 € trátase dun importe certo e queda por conta da UVIGO a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas tamén se poderán incluír aquelas inversións en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

CUARTA.- Fórmula de pagamento

I

Para o pagamento único, a universidade achegará antes do 15 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá manifestar detalladamente as actuacións realizadas, os conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados. Coa memoria achegarase copia cotexada da xustificación dos gastos (facturas ou documentos contables de valor probatorio



equivalente, contratos, actas, ...) e dos pagamentos, cos xustificantes das transferencia bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados.

- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberáse presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Vigo.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola consellería.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2018.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+I, previstas no convenio, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación e agrupacións estratéxicas do SUG. A tal fin asínanse convenios singulares para a mesma temática coas outras universidades adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a concorrencia competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 4.1c) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e realízase ao abeiro do establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e réxese para os seus efectos polo establecido nas cláusulas deste, e no seu defecto pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a UVIGO deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da comisión de seguimento.

NOVENA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UVIGO consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o



disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 de dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por triplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O reitor da UVIGO